



Festa dos Maiores

* O Concello de Boimorto organiza a comida ós seus maiores. O sábado 2 de agosto celebraremos en Boimorto un xantar para todos os maiores de 60 anos empadroados neste concello. A alcaldesa pasou coas invitacións por todas as casas, pero en caso de non chegar a algunha queremos pedir desculpas por se puido haber algún despiste ou erro. Coa invitación había que ir ó concello ou o centro de maiores a retirar a entrada.

Se hai alguén que se atopou con algún problema ou non lle chegou a invitación que se achegue igual ó concello a recoller a entrada, aínda que o prazo remataba o venres 25 de xullo. Esperamos que pasedes un bo día!!!

O Concello pon a disposición dos asistentes o servizo de autobús coas seguintes Paradas e horarios (Os horarios son aproximados)

Rodieiros 10:00

Local social

Corneda

Casa do Caballero
Carretera -Parada do
autobús

Dormeá

Boavista -Parada do
autobús

Anxeles

Liñeiro -Local social
Corredoiras

Boimil

Local social

Andabao 10:45

Arentía
Orros

Arceo

Igrexa
Canto do Balo

Cardeiro

Igrexa

Buazo

Souto

Brates 11:30

Tabernas

Mercurin

Romelas

Sendelle

Marco
Igrexa

Boimorto

Campo do Rosario

A saída será a partir das 19:00, partirán primeiro os que chegaron no primeiro bus, o horario de saída do resto estará condicionado polos viaxes que teña que facer o autobús.

Aproveitamos para recordarlles que animen ós seus familiares a acercarse a Telleira xa que ese día haberá feira, pulpeira, taberna e actuacións musicais.

Feira de época

* Primeira feira de Época en Boimorto o 2 de agosto na Telleira, o mellor sitio para ambientar este tipo de feiras. Animamos a todos e todas a que vos acheguedes a disfrutar desta singular feira e invitámosvos a que veñades coa roupa adecuada, é dicir, ambientados no tipo de feira da que estamos a falar, pantalón de pinzas e pana, boina, chaleco, saias longas, blusas, zocos... deixamos na vosa man a orixinalidade da vestimenta.

Non faltedes teremos actuacións todo o día, un pulpeiro e mesmo taberna. Contaremos con artesáns e actuacións todo o día. Ás 13 horas darán comezo as actuacións co grupo de música e baile tradicional O Balado de Toques, ás 16 horas un dúo animaranos a todos a bailar e para rematar a actuación de Leirabuxo que se encargará de pechar a feira.

Feira mensual

* Queremos recordarvos que a feira mensual este mes celebrábase o 7 de agosto na praza da Gándara e nela poderedes atopar postos de roupa, calzado, froita, apeiros, horta... e o que non pode faltar en ningunha feira, o pulpo. Non deixedes de vir á vosa feira.

Festival de la Luz

* **Voluntariado Festival de la Luz 2014:** Continúa o prazo aberto para todas aquelas persoas que queiran participar como voluntarios/as no Festival. Para anotarse pasar polas oficinas municipais, chamar o 981516020 ou no correo cultura@boimorto.es

Cooperativa de Vivendas.

Retomamos o proxecto da Cooperativa de vivendas, no cal optamos polo modelo de vivenda e terreo 100% do socio/a da cooperativa, polo que se cumpres os requisitos e estas interesado/a ou queres recibir máis información ponte en contacto con nós nas oficinas municipais ou no correo cultura@boimorto.es.

Punto de Atención á Infancia

* **Servizo de Bebeteca:** Trátase dun lugar especial de ambiente cálido, de estimulación, de xogo e de imaxinación para os nenos e nenas de 0 a 3 anos e os seus proxenitores ou cuidadores, donde se realizarán actividades nas que os adultos participarán dun xeito activo.

- ❖ **Horario:** de 16:30 h. a 18:30 h. , os Martes e Xoves de cada semana.
- ❖ **Lugar:** Levarase a cabo na Gardería do Concello (Planta primeira da Casa da Cultura.)
- ❖ **Prezo:** Gratuito
- ❖ **Inicio:** A actividade dará comezo o 5 de agosto de 2014.
- ❖ **Inscripcións:** Antes do 1 de agosto, debendo haber alomenos 10 inscritos. Para inscribirse e máis información poden dirixirse á Gardería do concello (en horario de 10:00 a 13:00).

* **Punto de atención á Infancia:** En aras de ofrecer un mellor servizo aso nosos veciños a gardería municipal non pechará as súas portas no mes de agosto.

Deportes

* **I Xornada da Xuventude de Boimorto** o 21 de agosto teremos unha xornada de deporte e ocio (Karting en Ordes e Aquapark en Cerceda). A saída do autobús será dende a Praza da Gándara ás 10 da mañá (volta ás 7 da tarde) e poderán participar nenos/as de máis de 12 anos. O prezo por cada inscrito será de 10 € e deberanse anotar antes do 18 de agosto no Concello.

* **Ximnasio municipal:** Os martes e xoves do mes de agosto de 16:30 a 20:30 o ximnasio contará con persoal cualificado para asesorar ós usuarios que queiran facer uso da instalación.

Avisos

* **Autobús á praia:** A empresa encargada de facer as viaxes á praia deixará de facer a ruta por falta de asistencia. Polo tanto, xa non contamos co servizo de bus para ir á praia.

* **Mellora rede suministro auga:** Nestes días estivo facendo obras de mellora na rede de abastecemento de auga, en concreto na ramificación que vai hacia as parroquias de Brates, Mercurin, Buazo e Cardeiro que cremos vai a paliar os problemas de presión e caudal que tiveron a ano pasado nas citadas parroquias. Nestas obra duplicouse a capacidade da liña de abastecemento hasta o Complexo do Campo de Fútbol.